

## Novas da rede

### Eurecan Copiloto, Rede de Mentores de Caja Navarra



Na mesma liña que a nosa Rede Galega de Mentores, fai xa dous anos que Caja Navarra puxo en marcha o seu programa Eurecan Copiloto, unha plataforma de apoio aos emprendedores. A filosofía de Eurecan Copiloto baséase na idea de que os estudos achegan coñecementos teóricos e os mentores saber empírico, e é a suma de ambos aplicados nunha mesma persoa a que produce un desenvolvemento rápido, redución de tempos improditivos e resultados acelerados.

O proxecto naceu como resposta á demanda dos emprendedores que necesitan coñecer en profundidade os mecanismos de xestión dunha empresa, establecer criterios para a toma de decisións, aprender da experiencia e contar cun asesor que xa percorrera o mesmo camiño. En suma, aprender das traxectorias profesionais de empresarios e profesionais de recoñecido prestixio. En palabras de Antonio Catalán, presidente de AC Hoteles e un dos mentores de Eurecan Copiloto, *“un mentor é un monitor que pode contar experiencias, alguén que ten moitas referencias, que se equivocou varias veces e do que se pode aprender dos seus erros. Na vida é importante saber o que non hai que facer”*. Na actualidade, máis de 200 emprendedores participan no programa Eurecan Copiloto, que cumprirá este mes de xullo dous anos de funcionamento.

## Actualidade da empresa

### 2000 asistentes ao IV Día do Emprendedor

O pasado 19 de maio, nada menos que 2000 persoas asistiron ao IV Día do Emprendedor, organizado polo Igape e Bic Galicia en colaboración co Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, cuxa celebración en Santiago anunciamos no noso anterior boletín. A sesión plenaria estivo presidida polo conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra Fernández, que destacou o compromiso da Xunta de que “ningunha boa idea quede sen apoio”. Na xornada participou un selecto grupo de relatores, entre eles Carlos Barrabés, que afirmou que “a crise



é o ecosistema ideal para as novas ideas”; Pedro Moneo, que defendeu a necesidade da internalización; e Antonella Brogna, que destacou a necesidade de reinventar os modelos de negocio. Unha das novidades mellor valoradas da xornada foi a posta en marcha, coa participación de técnicos de Igape, Bic Galicia e as máis de vinte entidades colaboradoras, dun servizo de asesoramento personalizado centrado en catro aspectos: creación de empresas e autoemprego, innovación e novas tecnoloxías, financiamento e internacionalización.

Máis información: <http://www.diaemprendedor.com/gl/prensa.html>

### I Foro Transfronterizo Bioemprende



Este 29 de xuño celébrase no Centro Social Caixanova de Vigo o **I Foro Transfronterizo de Biotecnología e Emprendemento**, organizado por Bic Galicia, a Fundación Universidade de Vigo, Bic Minho, o Instituto Empresarial do Minho e o Instituto Politécnico de Viana do Castelo.

A organización deste foro inscribíse no proxecto europeo de cooperación transfronteriza Galicia - Norte de Portugal **Bioemprende**, cuxo obxectivo é promover vínculos entre todos os axentes implicados no sector biotecnolóxico, mellorar a capacidade emprendedora, identificar oportunidades de negocio e xerar sinerxías que favorezan a consolidación dun tecido empresarial biotecnolóxico.

O I Foro Transfronterizo de Biotecnología e Emprendemento está orientado tanto a pemes que incorporen biotecnología nos seus procesos produtivos como a bioempresas, emprendedores cunha idea de negocio biotecnolóxica, grupos de investigación públicos ou privados relacionados coa biotecnología e institucións e organismos vinculados co sector. Reunirá aos mellores expertos e constituirá un espazo para o intercambio de coñecementos, a identificación de novas oportunidades de negocio e o estímulo para a cooperación transfronteriza.

Contacto e inscrición: 981 546 823

Máis información: [www.bioemprende.eu/foro](http://www.bioemprende.eu/foro)

## Axenda

### Taller de Mellora Competitiva

Os vindeiros 22 e 23 de xuño en Vigo e os 24 e 25 do mesmo mes na Coruña celébrase unha nova quenda dos Talleres de Mellora Competitiva organizados por Bic Galicia e Feuga, desta volta co tema **Innovación e creatividade. A innovación en acción**. O horario de ambas actividades é de 9:30 a 14:30. O local de celebración aínda está por confirmar, pero apurade para inscribivros, pois o prazo termina o 15 de xuño.

Teléfono de contacto e inscrición: 981 534 180 ext 128

Máis información: <http://tallerescmc.bicgalicia.es/>

# Experiencias de mentoring

## FRANCISCO DE BARTOLOMÉ GUIJOSA

Mentor da Rede Galega de Empresarios Mentores

*Enxeñeiro Naval pola UPM e cunha ampla formación en Planificación Estratéxica, Dirección de Proxectos e Calidade Total, Francisco de Bartolomé traballou durante 25 anos en Astano e Izar FENE como Xefe de Proxecto e Director de Enxeñería e I+D+i. Actualmente é coordinador independente da Comisión para o Fomento da Creatividade Aplicada e presidente da Comisión de Asuntos Técnicos da Delegación en Galicia do Colexio de Enxeñeiros Navais.*



### ¿Como tivo coñecemento da Rede e que lle animou a participar?

Foi a través dun dos boletíns de BIC Galicia. Interesoume o tema e asistín a unha das reunións de presentación da iniciativa que se realizou en Ferrol.

### ¿Pode describirnos o proceso de mentorizaxe?

Seguimos o recomendado no manual da Rede. Tivemos cinco reunións, unha de coñecemento mutuo e formulación de obxectivos, tres de traballo onde se revisaba o xa feito e propúñanse novas liñas de actuación, e a última de conclusións e recomendacións.

### ¿Cal era o seu obxectivo como mentor?

Dado que agora dispoño de mais tempo libre, utilizar parte del para achegar a miña experiencia e os coñecementos adquiridos, tanto para recomendar actuacións como evitar caer en erros; de todo apréndese, e ás veces máis dos contratemplos.

### ¿Con que dificultades atopouse?

Francamente, con ningunha. Desde o principio o entendemento e a colaboración cos xestores da empresa foi total. Atopei-me cunhas persoas receptivas e coas ideas moi claras do que debe de ser a xestión moderna dunha empresa.

### ¿Conseguiu culminar a experiencia con éxito?

Entendo que debe ser a opinión da empresa a que defina mellor se se alcanzaron os obxectivos propostos con éxito. Eu, particularmente, estou moi satisfeito.

### ¿Qué aspectos destacaría do funcionamento da rede? ¿Cales considera que deben mellorar?

Nesta primeira experiencia destaco a boa organización das reunións e a sistemática a seguir que se nos proporcionou. Considero importante que se faga difusión da Rede e das actuacións de mentorización para conseguir máis masa crítica de mentores e empresas.

### ¿Como valora a experiencia e a súa participación nela?

Creo que das respostas anteriores dedúcese que a miña valoración é absolutamente positiva.

## DAVID FILGUEIRAS NOVÁS

Xerente de  
Prometal Tecnología  
e Innovación S.L.,  
empresa mentorizada



*Prometal Tecnología e Innovación foi creada en 2005 por Daniel Filgueiras Novás e Raúl Permuy Casal. Desde entón ambos están envorcados na profesionalización da xestión da empresa e realizaron un considerable investimento en maquinaria de última tecnoloxía, o que, conxuntamente coa consecución da certificación de calidade ISO9001, posibilitou que hoxe traballen para empresas de carácter multinacional.*

### ¿Cales eran os seus obxectivos como empresa ao recorrer a un mentor?

Principalmente, dous: ter unha opinión sobre a xestión levada na empresa e establecer contactos dun perfil diferente aos que temos.

### ¿Poden describirnos o proceso de mentorizaxe?

Constou de cinco reunións. Na primeira realizamos a presentación mutua entre a empresa e o mentor e decidimos as liñas de mentorización; na segunda revisamos os procedementos de calidade, avaliamos o proceso de planificación de obras e os acordos estratéxicos con enxeñerías, analizamos os produtos que a empresa pode ofertar dentro do sector naval e, para rematar, mostramos ao mentor as nosas instalacións; na terceira reunión avaliamos o módulo ERP que usa a empresa para a súa xestión e planificación; na cuarta, avaliamos o plan de *marketing* de Prometal, estudamos mercados potenciais e formas de chegar a eles, revisamos a planificación de produción e analizamos as estruturas comerciais das empresas do sector; a última reunión dedicámola a analizar e avaliar o propio proceso de mentorización.

### ¿Con que dificultades atopáronse? ¿Conseguiron culminar a experiencia con éxito?

Non atopamos ningunha dificultade. E si, creo que a iniciativa foi totalmente exitosa. Quero destacar a calidade do mentor asignado por Bic Galicia, xa que a súa experiencia e involucración foi unha das claves da experiencia.

### Que aspectos destacan do funcionamento da Rede, tanto os positivos como aqueles nos que se precise mellorar?

Creo que este tipo de iniciativas débense realizar máis a miúdo para explotar o potencial de xente con prestixio e experiencia no mundo empresarial. Simplemente isto: que este tipo de iniciativas cheguen a máis emprendedores.

## MÁIS INFORMACIÓN

Teléfono: 981 646 823 - Fax: 981 546 832

[www.redementores.com](http://www.redementores.com) - [info@redementores.com](mailto:info@redementores.com)

**IGAPE - BIC Galicia - XesGalicia**

Barrio de San Lázaro 63A

15703 Santiago de Compostela



**IGAPE**  
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA



XESGALICIA



UNIÓN EUROPEA



Fondo Social Europeo